



# O MONTE DOS PENEDOS

XI CONCURSO DE CUENTOS REPSOL, S. A.

PRIMER PREMIO EN LENGUA GALLEGA

Autora: **Mirian Velo Miranda**

ANO 1998



Aquel fora un inverno moi frío, quizais un dos máis fríos de tódolo tempos. Nesta época a cidade estaba solitaria, todo o mundo fora pasar o Nadal cos seus seres queridos, así tamén o fixo Bieito. Era un rapaz de quince anos de idade, cursaba 2.º de BUP nun instituto preto da súa casa. Gustáballe moito ir ó seu pobo a pasar esas datas porque alí estaba o seu avó, que era moi meniñeiro e sempre estaba a contarlle contos de medo. Bieito pasábao moi ben con el e lamentábase de non podelo ver máis a miúdo, pero as dúas semanas que pasaba no mes de decembro non se despegaba do máis vello da casa.

Bieito admiraba ó seu avó. Aquel home fraco, de pelo branco e coa cara acosada polas enrugadas da idade, era moi misterioso. O rapaz desexaba que chegase a noite, momento no que toda a súa familia se xuntaba arredor do lume a espera de que o vello comezase a falar. Entón el facía un xesto coñecido por tódolos membros co cal empezaba un dos seus contos. A todos lle gustaban. Os contos do avó eran de medo: de ánimas, de lobos, de mortes misteriosas... e prendían a curiosidade de todo o mundo. Unha vez rematado o conto os membros da familia marchaban ledos cara ó leito, mirando sempre nos recunchos da casa, por se algunha das pantasma dos contos do avó se agachaba por alí. Pouco despois xa non lembraban o tema, e se se lles acordaba non paraban de repetir: —¡Vaia lería!

Pero Bieito non se esquecía. El cría firmemente na palabra do avó. Aquelas datas transcorreron moi ledas e tranquilas, aínda que algo ía rematar con aquela tran-

quilidade. Era xa o final das vacacións, a nai de Bieito estaba a facer o xantar mentres o pai e o avó foran á tenda do pobo, que se atopaba un pouco máis abaixo da súa casa, a mercar unhas cantas cousas que lle encargara a muller da casa. Unha vez que o rapaz se deu conta de que non tiña nada que facer, e que ninguén ía sospeitar a súa ausencia, colleu un anaco de pan e correu cara ó monte.

Non era un monte calquera, era un que desde moi pequeno lle producía calafríos. Tratábase dunha pequena elevación, chea de pedras pequenas e tamén de penedos grandiosos. Apenas había algunha que outra xesta, e ningunha árbore. Tan só o aspecto daquela morea de pedras fixo retroceder a Bieito, pero era un momento moi importante, estaba a punto de enfrentarse ó medo que o invadía desde moi pequeno.

Así foi como o rapaz se adentrou naquela inmensidade. Tiña medo, non deixaba de mirar cara atrás, coma se alguén o seguise. Se oía algún ruído, por pequeno que fose, detíñase e comprobaba que non proviña de moi cerca; ás veces incluso o asustaban os seus mesmos pasos. Seguía camiñando, ó mesmo tempo que recordaba os contos do avó. Veulle á mente un dos que máis lle gustaban, no que un vello se atopou cunha ánima nunha cova moi afastada do seu pobo.

O máis orixinal dos contos do avó era que todos acaeceran moi preto daquela pequena vila.

Bieito continuou a lembrar aquela pequena narración, interrompida por algún que outro ruidiño ós cales

o rapaz contestaba cun suspiro ó comprobar que non se trataba dun perigo aparente. Aquel relato tiña un tráxico final, no que o vello desaparecía como por arte de maxia deixando tan só os zapatos totalmente colocados. ¿Como era posible?

Ante o medo que lle producía este recordo, o rapaz tratou de esquecerlo e pensar noutra cousa calquera. Pero xa non podía. Por máis que o intentaba non conseguía esquecer a imaxe dos vellos zapatos abandonados. Mentres pensaba nesto el seguía subindo aquela morea de pedras. Cando acordou estaba a suar moitísimo. Decidiu baixar e esquecer o tema pero xa era tarde, estaba case chegando ó cume. Seguiu camiñando e cando tan só lle quedaban uns poucos metros para alcanzar o seu obxectivo, botou a correr con gran ledicia ata a derradeira pedra da inmensa morea.

A suor e as bágoas de ledicia impedíanlle ver a grandiosidade que tiña ante si. Pero pronto secou a auga que o cubría, refregando a súa fronte coa manga dun lixeiro xersei que levaba atado á cintura. Ó pouco tempo levantou a vista e decatouse de que pronto comezaría a chover, avenciñábase unha desas tormentas que lle gustaban tan pouco a Bieito. Decidiu baixar cara ó pobo, pero antes colleu unha flor moi rara que nunca vira. Logo empezou a baixar, esta vez quixo descender por un carreiro diferente ó que utilizara para chegar ó cume.

Mentres descendía tentaba imaxinar a cara satisfeita do seu avó cando lle contase a súa pequena-gran-

de aventura, ó mesmo tempo imaxinou-se a rifa dos seus pais que non serían tan comprensivos como o vello. De repente comezou a caer unha chuvia moi miúda sobre o seu corpo. Bieito a penas a sentía, pero ó pouco tempo comezou a correr carreiro abaixo. Non tentaba chegar cedo a casa, mais ben fuxía dun bo catarro que comezaba a manifestarse por continuos esbirros provocados porque a auga xa humedecera o seu lombo. Na súa carreira tropezou varias veces pero apenas se mancou.

Foi nunha desas caídas cando descubriu uns metros máis abaixo un penedo cunha rara forma e decidiu ir ata alí. Era unha inmensa pedra solitaria na súa gradeza, cun pequeno oco na parte inferior. Non é posible describir o asombro de Bieito que estaba seguro de que aquel era un gran descubrimento. O oco era bastante pequeno pero podía introducirse nel unha persoa que non fose moi grossa. O rapaz non o pensou dúas veces e armándose de valor meteuse naquel misterioso buraco que ademais o protexería da chuvia que cada vez caía con máis forza.

Arrastrouse varios metros polo chan, pensou que xa non ía poder saír por aquel oco tan estreito. De repente chegou ata unha gran oquedade no interior daquela pedra. Había unha morea de flores coma a que el collera no cume do monte. Podía velas gracias a unhas pequenas luces que flotaban no aire. Esta vez, Bieito non sentiu medo algún, máis ben curiosidade, unha curiosidade que incluso o levou a acaroarse a unha daquelas luciñas que estaban sobre a súa cabeza.

Con moito coidado ergueu a man dereita e estirando os dedos logrou rozar aquela brancura luminosa que o tiña pampo.

Nese momento a luz transformouse nunha cara que comezou a falarlle:

—Ola, Bieito, ben sei a que vés ata este lugar. A curiosidade prendeu en ti ata que decidiches saber o que ocorre neste «Monte dos penedos». Teu avó é o culpable, tan só el sabía o segredo que se agocha nestes penedos, e agora ti por curioso tamén vas poder sabelo. Pois ben, antes de contarcho tes que xurar que non vas dicirlllo a ninguén.

O rapaz, que non deixaba de ollar aquela chama de luz, asentiu coa cabeza. Entón aquela cara luminosa seguiu a falar:

—Sei que es un rapaz de palabra, por eso voucho contar. Ese conto que teu avó che relata unha e outra vez, sobre o vello que desapareceu deixando tan só os seus zapatos, é o que vou explicarche agora. Ese vello tamén sabía que este monte era moi misterioso, pero en vez de calar ou falalo en familia como o teu avó, dedicouse a dicirlllo a todo o mundo, e esa é unha traizón que a honra deste monte non podía perdoar. Foi así como as ánimas arremeteron contra el e o levaron para que nunca máis contase nada.

As ánimas viven neste monte desde xa hai moito tempo, ninguén o sabía agás o teu avó e ese home, que tamén era moi curiosos e chegaron ata este lugar en busca de aventura, coma ti. Así que xa o sabes, tes que

saber controlarte para non dicir nada, e así non che pasará o mesmo que a ese vello entrometido.

Bieito non o podía crer, era imposible o que estaba a sucederlle: ¡Acababa de falarlle unha luz, unha ánima! Ó mesmo tempo aquela increíble cara retornaba ó seu estado inicial. O rapaz deu a volta e comezou a arrastrarse polo oco xa coñecido. Todo sucedera tan rápido que lle parecía un soño. Cando xa estaba fóra do buraco da inmensa pedra, sentíase un pouco mareado, tentou buscar un bo sitio para poder sentarse e descansar.

O que máis lle impresionaba era que o seu avó fose coma el, tan atrevido e aventureiro, e que a súa curiosidade o levase, anos atrás, ó mesmo sitio, no cal aquelas ánimas estaban a esconderse. De súpeto sentiuse valente e moi ledo de semellarse así ó seu avó, ó que desde sempre tentaba parecerse. Pero ó mesmo tempo o medo invadiuno cando recordou ó home dos zapatos que, por non cumprir a súa palabra, desaparecera. Decidiu polo tanto non contarlle nada a ninguén agás o seu avó, que coma el sabía cal era o recuncho das ánimas no «Monte dos penedos».

Cando se levantou e se dispuxo a baixar cara ó pobo deuse conta de que as nubes que antes eran brancas tornaran en negras, e esta vez non era pola tormenta que xa amainara, senón porque a noite xa chegara ata alí. Cando observou esto apurou o paso, máis ben corría carreiro abaixo.

Ó pouco tempo chegou á casa. Os seus pais e o

avó estaban a esperalo sentados no salón. Conforme entrou a nai correu ata el para preguntarlle se estaba ben, que que lle pasara e que por que non chegara antes. Unha vez que comprobou que o seu fillo estaba ben rifoulle por darlle aquel disgusto e intranquilidade. O pai sen dicir nada marchou ó leito con mala cara. Tan só quedaron na pequena salíña o máis vello e o rapaz.

O home fíxolle un xesto de complicidade que calmou a Bieito. Foi nese momento cando soubo que lle podía contar o que lle sucedera aquela tarde. O avó escoitaba abraiado, notábase pola cara de asombro que puña mentres o neno lle describía a súa aventura. Cando rematou de relatarllo o vello púxose en pé e comezou a bicalo e abrazalo sen medida. Bieito sentiuse comprendido e moi aliviado.

Entón o home mirou ó rapaz e fixo un deses acentos xa coñecidos de cando se dispón a dicir algo. Contoulle que a el lle pasara o mesmo, que un día se agachara nesa pedra e que as ánimas comezaran a falarlle coma se nada, que por eso lle gustan tanto eses contos de medo dos que el sabe moitísimos e que estaba moi ledo de que o seu neto se semellase tanto a el.

Bieito suspirou aliviado. Pero entón dirixiuse ó avó para preguntarlle se lle ocorrería algo por falar entre eles das ánimas agochadas no monte. Cando o vello lle contestou cunha negación soubo que a partir de entón ía ser coma el e que non habería ningún segredo entre eles. Logo Bieito foi a cear, xa que esti-

vera toda a tarde a rillar aquela codia de pan que collera antes de saír. Non deixaba de pensar no que lle sucedera, aquilo fixérao forte e inclusive lle quitou o medo.

Esa noite soñou que as ánimas levaban canda elas ó seu avó. Ergueuse moi fatigado e suoroso, e foi correndo ata a habitación do lado onde durmía o vello. Bateulle na porta varias veces pero non lle respondía ninguén. Entón entrou dándolle un bo golpe á porta e comprobou que alí non estaba ninguén pero que a cama estaba desfeita. Correu á cociña pero tampouco estaba. Foi nese intre cando decidiu ir ó monte.

Tan só se calzou e puxo un xerseí. Ía presuroso na busca do penedo onde as ánimas se agachaban. Tiña un presentimento, un mal presentimento, cría que algo verdadeiramente malo lle sucedera ó avó. Non podía pensar, a preocupación non o deixaba. Corría moi rápido, nunca chegara a pensar que podería chegar tan cedo ó seu destino. Parou diante do penedo, abatido polo cansanzo, a fatiga abrigouno a axeonllarse diante da gran pedra. Pousou tamén as mans no chan, estaba canso, non podía poñerse en pé. Arrastrouse ata o penedo e agarrándose a el puido erguerse. Pensou un intre antes de se meter pola oquedade que xa inspeccionara aquela tarde.

Ó momento volveu a derrubarse no chan, e aproveitou esta oportunidade para introducirse polo buraco. Cando chegou ata o final do mesmo ergueuse cos ollos pechados, dáballe medo pensar no que alí ía ato-

par. De súpeto abriunos e observou as pequenas luciñas coas que xa estivera en contacto. Entón sen pensalo estirou o brazo e rozou unha daquelas fermosas brancuras. A luz converteuse nunha cara, era o que Bieito esperaba. Pero non esperaba que fose unha cara coñecida ¡era a cara do avó!

O rapaz non sabía que facer, tentou fuxir pero había algo que non o deixaba saír daquela especie de cova. A cara comezou a falarlle. A voz era rouca e temerosa, non era semellante á voz do seu avó. Cando o escoitou un arrepío atravesoulle todo o corpo, entón decidiu escoitar o que aquela imaxe tiña que dicirlle:

—Ola, meu fillo, non te asustes, isto é algo que estiven agardando durante moito tempo. Eu xa era vello e o único polo que vivía era pola familia, que xa non me precisaba, e porque ti descubristes este segredo que eu gardei durante tantos anos. Agora que xa non fago falta na casa, e ti xa sabes todo, podo descansar en paz. Quéroche.

A Bieito custáballe moito manter a respiración, el ía engulindo todo o que o vello lle dixera e deuse conta de que falaba en pasado e que nomeara algo de «poder descansar en paz». Entón comprendeu o que o avó quixera dicirlle. Deu media volta e agatuñou pola oquidade ata o exterior. Logo foi correndo ata o pobo. Cando chegou á casa observou que toda a familia estaba a buscalos, a el e ó avó. Abriuse camiño ata a cociña e limpou unhas bágoas que lle humedecían os beizos, e buscou coa vista a súa nai. Atopouna no chan,

chorando. Correu ata ela, que ó velo saloucou coa ledicia, e entón díxolle que o vello morrera. Ante tal afirmación ela ameazouno cunha labazada e retirouse á súa habitación.

Bieito en principio non comprendía, pero logo pensou un pouco e caeu na conta de que a súa familia non atopara o corpo do avó. Non sabía como explicarllo, non tiña probas e tampouco podía contarlle o segredo do recuncho onde habitaban as ánimas. Estaba claro que non podía facer nada, pero había algo que non entendía, ¿como era posible que o avó morrese de forma diferente ós demais?, ¿como faría para levar canda el o seu corpo?

Varios días despois a familia decatouse de que, tras unha longa búsqueda, xa non había esperanza de atopar ó avó con vida; pero tampouco se resignaban a crer na teoría de Bieito que afirmaba de forma rotunda que o home morrera, sen mostrar probas, sen explicacións, e sen querer falar do tema.

Acabaron as vacación de Nadal e ninguén volveu a falar da inoportuna desaparición do avó. Ninguén sospeitaba que Bieito soubese a verdade, xa que el seguía a súa promesa de gardar tan importante segredo; por outra banda, estaba satisfeito de semellarse ó avó e de ser o único na familia que el escollera para compartir as súas inquietudes. Así rematou aquel Nadal. Non se averiguou nada máis sobre o vello e todavía segue a ser un misterio a ubicación do seu corpo.